

constar se houbo ou non alegacións) ou nesta Demarcación Sur de Augas de Galicia, rúa Urzaiz número 18-2º en Vigo, onde poderán consulta-lo expediente.

Vigo, 10 de xaneiro de 2004.—O Xefe do Servizo, Alfonso Rasilla Buhigas. 983

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

Anuncio da aprobación definitiva do proxecto de urbanización en rúa do Gorgullón e rúa de nova apertura, promovido por "Río dos Gafos, Sociedad Limitada".

A Comisión de Goberno, en sesión de vinteseis de xaneiro de dous mil catro, acordou prestar aprobación definitiva ó Proxecto de Urbanización formulado pola entidade mercantil "Río dos Gafos, Sociedad Limitada", CIF nº B-36.385.615, na Rúa do Gorgullón e rúa de nova apertura, documento visado pola Delegación en Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) coa data 10/12/02, e "Anexo ó proxecto de urbanización" con data de visado colexial de 17/01/03, documentación toda ela redactada polo Arquitecto don Raúl J. Veiga Lamelas.

O que se fai público para a súa executividade, sulíñándose que contra este acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano ca dictou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa modificación, consonte co establecido no art. 116-1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, na redacción dada pola Lei 4/1999, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, conforme ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

De se interpoñe-lo recurso potestativo de reposición, éste deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes según se establece no art. 117-2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa, de conformidade co establecido no art. 43-2 desa Lei 30/1992, poidéndose entón interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contado dende o día seguinte daquél no que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte á dereito.

Pontevedra, a 4 de febreiro de 2004.—O Alcalde, P.D., o Tte. Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 1061

* * *

CANGAS

A N U N C I O

O Concello en Pleno en sesión de data 28 de novembro de 2003, aprobou inicialmente o Estatutos da Fundación Deportiva Municipal do Concello de Cangas, e someteuno a información pública por 30 días, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da provincia de data 11 de decembro de 2003. Igualmente someteuse a información pública mediante anuncio que foi exposto no taboleiro de anuncio durante 30 días hábiles. Habéndose presentado suxerencias os citados Estatutos foron resoltas polo Concello Pleno en sesión de data 30 de xaneiro de 2004, no que se aprobou definitivamente os mencionados Estatutos, cuio texto transcribese de seguido:

ESTATUTOS FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS

TÍTULO PRIMEIRO: NATUREZA E DOMICILIO

Art. 1.1.—O Ilmo. Concello de Cangas crea, ó amparo das previsións contidas no artigo 85.3b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 85 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, vixente a este respecto segundo a Disposición Final 1ª f) da devandita Lei, e no artigo 145 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, un Organismo Autónomo Local de carácter administrativo, que se denomina Fundación Deportiva Municipal do Concello de Cangas.

Art. 1.2.—O Ilmo. Concello de Cangas exercerá, nos termos previstos nos presentes Estatutos, a tutela sobre a Fundación en uso das potestades que aquel ten conferidas na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e todo isto sen prexuízo da autonomía necesaria deste ente instrumental para o cumprimento dos fins que se lle asignan. A devandita tutela queda determinada pola presenza dos membros da Corporación nos órganos de goberno da Fundación Deportiva e, no tocante ós actos, por medio da normal fiscalización xurídica e financeira, exercida a través da Secreta-

ría Xeral, Intervención de Fondos e Tesourería Municipal, pola súa presenza nos mesmos.

Art. 1.3.—A actuación da Fundación axustarase ó disposto nos presentes Estatutos e, o non previsto neles, á lexislación do Réxime Local. A súa duración será indefinida e, en caso de disolución ou extinción, sucederalle universalmente o Ilmo. Concello de Cangas.

Art. 1.4.—A Fundación ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para adquirir e posuír toda clase de bens, exercer accións e recursos ordinarios e extraordinarios ante xulgados, tribunais e autoridades, aceptar legados e doazóns, tomar diñeiro a préstamo e en xeral, realizar cantos actos e contratos sexan necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade, todo isto dentro dos límites dos presentes Estatutos e con suxeición ó ordenamento xurídico vixente en materia do réxime local.

Art. 1.5.—A Fundación ten a súa sede no municipio de Cangas, máis en concreto na Avenida de Castelao Nº 2 (Cangas).

Art. 1.6.—Non obstante o anterior, o Consello Rector queda facultado para variar a sede da Fundación dentro do municipio, así como para establecer, modificar ou suprimir dependencias e oficinas en calquera lugar, cos cometidos, facultades e modalidades de funcionamento que o propio Consello determine.

TÍTULO SEGUNDO: OBXECTO DA FUNDACIÓN

Art. 2.1.—O obxectivo xeral da Fundación é o de promover e fomentar a práctica do deporte, mediante o estudo, a orientación, a coordinación, a dirección, a xestión, a execución e o desenvolvemento da política municipal en dita materia, así como xestionar as instalacións deportivas, mediante a realización de actividades complementarias doutras administracións públicas nesta materia, así como o apoio a toda clase de iniciativas privadas encamiñadas a tales fins, asumindo as competencias que en relación con ditas materias resulten atribuídas ó Concello de Cangas pola Lexislación de Réxime Local e a aplicable materia de cultura física e deporte, así como polas demais disposicións vixentes, salvo aquelas que a Alcaldía-Presidencia se reserve para exercelas por si ou mediante delegación.

Art. 2.2.—Para a consecución de tales fins a Fundación terá, entre outros, os seguintes obxectivos específicos:

- a) O fomento do deporte e da cultura física na cidade de Cangas.
- b) A promoción e construción de instalacións deportivas na cidade de Cangas, así como a xestión, administración, conservación, mellora e inspección das instalacións deportivas

promovidas e construídas ou que fosen cedidas ou transferidas por outras Administracións, organismos, entidades ou calquera outra persoa física ou xurídica, salvo que por lei ou convenio se tivesen establecido prevencións específicas ó respecto.

- c) A elaboración, así como a preparación e adxudicación, no seu caso, de toda clase de estudos, proxectos, obras e instalacións dirixidos á promoción, construción, mantemento e utilización de instalacións deportivas de titularidade municipal, dentro dos límites da normativa aplicable.
- d) Facilitar ós cidadáns de Cangas a utilización das instalacións deportivas municipais e a súa participación en actividades deportivas que non teñan carácter lucrativo polo seu carácter formativo e de lecer.
- e) Promover e desenvolver convenios así como calquera outro instrumento de cooperación e colaboración con entidades públicas e privadas para fomentar o desenvolvemento, a execución e o financiamento de actividades deportivas, de conformidade coa normativa aplicable.
- f) Colaborar con outras áreas municipais e outras administracións públicas en plans preventivos que melloren a calidade de vida dos cidadáns.
- g) Promover a aprobación ou modificación, polo órgano competente, da normativa de uso para a xestión das instalacións deportivas dependentes da Fundación Deportiva e velar pola súa correcta utilización.
- h) Xestionar o patrimonio municipal destinado ó uso deportivo, así como exercer a administración dos bens adscritos á Fundación Deportiva, con suxeición ó previsto no Capítulo I do Título IV dos presentes Estatutos.
- i) Resolver sobre a utilización das instalacións deportivas ou a organización de acontecementos deportivos nas instalacións municipais e aquelas outras que por convenio teñan cedidas.
- j) Adquirir instalacións e destinalas ó patrimonio municipal de uso deportivo.
- k) Solicitar e xestionar todo tipo de axudas e subvencións para o cumprimento dos fins da Fundación Deportiva.
- l) Levar o inventario de tódalas instalacións, bens e dereitos destinados ó uso da Fundación Deportiva.
- m) Xestionar a preparación e adxudicación, no seu caso, dos servizos complementarios das instalacións deportivas, sen prexuízo das competencias propias doutras Áreas Municipi-

pais, coas que haberá de coordinar as súas actuacións, cando proceda.

- n) Promover a celebración de toda clase de eventos deportivos, elaborar campañas e programas de información e participación cidadá no ámbito deportivo.
- o) Calquera outra actividade que complemente as anteriores, de acordo cos fins e obxectivos encomendados a esta Fundación.
- p) Outorgar bolsas e axudas ou prestacións económicas no ámbito da actividade deportiva de competición de Cangas.
- q) Convocar concursos e conceder premios en relación ás actividades deportivas no ámbito desta Fundación.
- r) Promover e fomentar as publicacións que se estimen máis convenientes para a súa difusión.
- s) Obter recursos económicos de calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, para destinar tales recursos a programas de promoción e desenvolvemento do deporte de Cangas, con prioritaria atención ó deporte de rendimento.
- t) Participar, no seu caso, con equipos ou deportistas en competicións oficiais deportivas de rendimento.
- u) Promover as operacións de patrocinio deportivo mediante congresos, seminarios, xornadas, publicacións, becas, etc. e asesorar en dita materia.
- v) Posibilitar traballos de investigación e desenvolvemento (I+D) no ámbito científico do deporte.

Art. 2.3.—En calquera caso, e sen prexuízo de calquera outra que lle veña legalmente atribuída, corresponde ó Concello de Cangas o exercicio das seguintes competencias:

- a) A modificación e derogación dos presentes Estatutos.
- b) A aprobación do cadro de persoal, do orzamento e das contas da Fundación Deportiva, nos termos previstos na lei.
- c) A facultade de requirir da Fundación Deportiva cantos datos estime convenientes sobre a actividade económica, administrativa e funcional da mesma.

TÍTULO TERCEIRO: ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 3.1.—A Fundación estará rexida polos seguintes órganos de goberno:

- Consello Rector
- Presidente do Consello
- Vicepresidente do Consello

Capítulo I. Consello Rector

Art. 3.2.—O Consello Rector asumirá o goberno e xestión superior da Fundación, estando integrado polos seguintes membros:

- a) Alcalde/sa-Presidente/a do Ilmo. Concello ou o Concelleiro/a en quen delegue.
- b) Vicepresidente: concelleiro/a delegado/a ou responsable da área ou delegación municipal que, en cada momento, teña encomendadas as competencias en materia de deportes.
- c) Vocais: serán nove membros da corporación, e este número debe reflectir a proporcionalidade da presenza dos distintos grupos municipais na mesma, considerándose a efectos do devandito cómputo a adscrición do presidente e o vicepresidente ó correspondente grupo político. O devandito número determinarase mediante acordo do pleno da corporación. O Pleno determinará o número de membros que lle corresponde a cada grupo político atendendo a esa proporcionalidade. A designación concreta dos membros farase a proposta dos voceiros dos distintos grupos políticos ben no mesmo acto no que o pleno determina o seu número, se hai acordo entre os voceiros dos grupos políticos; no suposto de que non sexa neste acto, os vocais dos grupos políticos, nun prazo máximo de 5 días dende o acordo plenario, deben propoñer os seus representantes e suplentes, que serán nomeados no seguinte pleno que se celebre.
- d) Secretario: o Secretario Xeral do Ilmo. Concello ou funcionario municipal en quen delegue (con voz e sen voto).
- e) Interventor: o Interventor Xeral de Fondos do Ilmo Concello ou funcionario municipal en quen delegue (con voz e sen voto).
- f) Secretario Técnico Deportivo, designado polo Alcalde-Presidente do Concello (con voz e sen voto).

Art. 3.3.—Os vocais cesarán automaticamente se perdesen a condición que determinou o seu nomeamento. Os vocais cesarán así mesmo por decisión motivada do Ilmo. Concello Pleno, a proposta do grupo político que os nomeou, ou ó finalizar o mandato de cada corporación, se ben continuarán nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.

Art. 3.4.—Tódolos cargos do Consello Rector serán honoríficos.

Art. 3.5.—Ás sesións do Consello Rector poderán asistir, con voz pero sen voto, aqueles funcionarios ou empregados da Fundación do Ilmo. Concello ou doutras administracións que sexan expresamente requiridos para isto polo Sr./a Presidente/a, cando estime que algúns dos asuntos que se traten precisen do seu asesoramento. Así mesmo, poderán ser

invitadas aquelas persoas que, a xuízo do Consello Rector, conveña oír en relación con algún asunto ou deban estar presentes por razóns de oportunidade.

Art. 3.6.—Serán atribucións do Consello Rector:

- a) Determinar a política de actuación e xestión da Fundación, aprobar o programa de actuación anual e propoñer ó Ilmo. Concello Pleno a aprobación da memoria anual de actividades.
- b) Control e fiscalización superior das unidades e servicios integrantes da Fundación, así como da actuación do Secretario Técnico Deportivo, sen prexuízo das competencias que correspondan ó Ilmo. Concello Pleno.
- c) Aprobación inicial dos orzamentos e as contas anuais, que serán remitidos posteriormente ó Ilmo. Concello para a súa aprobación definitiva de conformidade cos trámites previstos na lexislación reguladora das facendas locais.
- d) Acordar o exercicio de toda clase de accións e recursos ante os xulgados, tribunais, autoridades, administracións e corporacións de calquera clase, en defensa dos bens e dereitos da Fundación, así como o desestimación e allanamento, de conformidade todo iso co establecido na lexislación do réxime local, dando conta a corporación.
- e) Propoñer ó Ilmo. Concello Pleno a derogación, modificación ou ampliación dos presentes estatutos.
- f) Propoñer ó Ilmo. Concello Pleno a aprobación dos regulamentos, ordenanzas e normas de funcionamento dos servicios que a Fundación teña que prestar, a súa modificación, ampliación e posta en vigor, así como as normas de funcionamento do propio Consello, no seu caso.
- g) Aprobación dos convenios, concertos e demais instrumentos de colaboración e cooperación coas administracións, organismos, entidades ou calquera outra persoa física ou xurídica.
- h) A contratación que se efectúe ó amparo do previsto na lexislación do órgano de contratación respecto de aqueles contratos que, pola súa contía ou duración, excedan do ámbito competencial asignado ó Presidente nesta materia. Será igualmente o órgano competente para propoñer ó Ilmo. Concello Pleno e executar, no seu caso, operacións de crédito a medio e longo prazo, así como operacións de tesourería, coa suxeición ás condicións e límites establecidos na lexislación reguladora das Facendas Locais. Nembargantes, cando o importe do contrato, calquera que fose a súa clase, excedese do 25% da

cuantía do orzamento da Fundación correspondente ó exercicio no que dita contratación fose a realizarse, o Consello Rector aprobará inicialmente o expediente, remitíndoo con previo dictame da Comisión Informativa que teña atribuídas as competencias en materia económica.

- i) Autorizar e dispoñer gastos dentro dos límites das súas competencias, establecidos nas bases de execución do orzamento.
- j) Polo que respecta á utilización dos bens inmoables, o seu réxime xurídico aterase ás seguintes normas, segundo a relación da Fundación co ben inmoable, da normativa reguladora dos bens pertencentes ás entidades locais:

* Os bens patrimoniais aportados en propiedade a Fundación, poderán ser arrendados ou cedidos baixo calquera outra modalidade de uso por este mediante subasta, concurso ou procedemento negociado, de conformidade co previsto na lexislación reguladora dos bens das entidades locais. A alleación de bens patrimoniais de carácter inmoable requiren en todo caso a aprobación do órgano competente do Concello de Cangas.

* Os bens patrimoniais adscritos a Fundación poderán ser arrendados ou cedidos baixo calquera outra modalidade de uso mediante poxa pública, concurso ou procedemento negociado, de conformidade co previsto na lexislación reguladora dos bens das entidades locais. Corresponde ó Ilmo. Concello Pleno, a proposta do Consello Rector, tanto a aprobación do arrendamento ou cesión como a das condicións nas que esta se verificará.

* Os bens de dominio público adscritos a Fundación, poderán ser obxecto de uso común especial, previo outorgamento de licenza por parte do órgano municipal competente, a proposta do Consello Rector. Así mesmo, poderán ser obxecto de uso privado, previo outorgamento de concesión administrativa por parte do órgano municipal competente, a proposta do Consello Rector.

- k) Recibir, facerse cargo, xestionar e administrar, coas limitacións antes enunciadas, os bens da Fundación e os que procedan de doazóns, subvencións e legados. Así mesmo, aprobar, rectificar anualmente e manter actualizado o Inventario de Bens e Dereitos da Fundación.
- l) Propoñer ó Pleno do Concello a aprobación e execución, cando proceda, das desafiúzas administrativas correspondentes ós inmoables patrimoniais ou de dominio público adscritos a Fundación.

- m) Ordenar as actuacións inherentes ás facultades de inspección, conservación e utilización das instalacións deportivas de propiedade municipal.
- n) Outorgar subvencións, de conformidade coa lexislación aplicable.
- o) Propoñer, para a súa aprobación polo Pleno da corporación, o cadro de persoal e a relación ou catálogo de tódolos postos de traballo existentes na súa organización.
- p) Aprobar o réxime das relacións de traballo do persoal propio da Fundación dentro do marco xeral que, no seu caso, aprobe o Ilmo. Concello, entendéndose que tales relacións laborais establécense entre a Fundación e o seu persoal contratado.
- q) Aprobar a estrutura organizativa.

Art. 3.7.—As sesións do Consello Rector poden ser de tres tipos:

- a. Ordinarias
 - b. Extraordinarias
 - c. Extraordinarias de carácter urgente
- a. Son sesións ordinarias aquelas que teñen unha periodicidade establecida. A devandita periodicidade será fixada por acordo do propio Consello Rector, adoptado en sesión extraordinaria que haberá de convocarse dentro dos tres meses seguintes á celebración da sesión constitutiva de cada Corporación. Na orde do día das sesións ordinarias incluírse sempre o punto de rogos e preguntas.
 - b. Son sesións extraordinarias as que convoque o/a Presidente/a con tal carácter, por iniciativa propia ou por solicitude da cuarta parte, polo menos, dos membros do Consello con dereito a voto, sen que ningún deles poida solicitar máis de tres sesións extraordinarias anualmente. Neste último caso, a celebración da mesma non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dunha sesión ordinaria ou doutra extraordinaria con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria. Se o Presidente non convocase a sesión extraordinaria solicitada dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte ó de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario do Consello a tódolos membros do mesmo ó día seguinte ó da finalización do prazo citado anteriormente. Para a válida celebración da devandita sesión será suficiente a presenza dun tercio dos membros do Consello con dereito a voto, que nunca poderá ser inferior a tres, sendo necesaria a presenza do Presi-

dente e o Secretario da Fundación ou de quen legalmente os substitúan. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente teña que substituílo, a sesión será presidida polo vocal de maior idade dos presentes.

- c. Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo/a Presidente/a cando a urxencia do asunto ou asuntos que se traten non permita convocar sesión extraordinaria cunha antelación mínima de dous días hábiles. En tal caso, deberá incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Consello sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada, levantarase a sesión.

Art. 3.8.—As convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Rector cursaranse por orde do Sr. Presidente, cunha antelación mínima de dous días hábiles, e irán acompañadas da orde do día, na que se relacionarán os asuntos que se tratarán.

Art. 3.9.—O Consello Rector quedará validamente constituído en sesión ordinaria ou extraordinaria cando se encontren presentes a metade máis un dos membros con dereito a voto. O quórum deberá manterse durante toda a sesión.

- a) En todo caso será necesaria a presenza do Presidente e do Secretario da Fundación ou de quen legalmente os substitúan.
- b) Se a devandita sesión non se lograse, a sesión celebrarase en segunda convocatoria, media hora despois de ter convocada a primeira. Para a válida celebración da sesión será suficiente a presenza dun tercio dos membros do Consello con dereito a voto, que nunca poderá ser inferior a tres, sendo necesaria a presenza do Presidente e do Secretario da Fundación ou de quen legalmente os substitúan.
- c) O disposto nos parágrafos precedentes non resultará de aplicación ás sesións extraordinarias solicitadas pola cuarta parte dos vocais do Consello Rector con dereito a voto, cuxo réxime específico encontrase contido no artigo 3.7.b dos presentes Estatutos.

Art. 3.10.—Salvo non casos previstos nos presentes Estatutos, os acordos do Consello Rector adoptaranse por maioría simple, dirimindo os empates o Presidente co seu voto de calidade.

Art. 3.11.—É necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello Rector para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- a) Proposta de derogación, modificación ou ampliación destes estatutos.
- b) Proposta de outorgamento de calquera clase de contrato de préstamo ou empréstito, con entidades bancarias de crédito, cando o seu importe exceda o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da Fundación, remitíndose

posteriormente ó Ilmo. Concello Pleno para a súa aprobación, previos os trámites establecidos na lexislación de facendas locais.

- c) Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os adoptados en sesións ordinarias sobre materias non incluídas no orde do día, agás previa declaración de urxencia adoptada por maioría absoluta dos membros con dereito a voto do Consello Rector.
- d) O voto dos membros do Consello Rector ten carácter persoal e indelegable e emitírase en sentido afirmativo ou negativo, podendo tamén absterse de votar.
- e) As votacións poderán ser ordinarias, nominais ou secretas. O sistema normal de votación será o sistema ordinario. As votacións nominais e secretas procederán nos casos e forma previstos na lexislación vixente en materia de réxime local.

Art. 3.12.—Levarase un Libro de Actas para o Consello Rector, debidamente foliado e encadernado, legalizada cada folla coa rúbrica do Presidente e o selo da Fundación, que conterá na súa primeira páxina unha dilixencia de apertura, asinada polo Secretario, na que se expresará o número de folios, as súas series, no seu caso, e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.

Art. 3.13.—Nas actas, que se estenderán no papel especial que a Fundación destine ó efecto, consignarase o lugar, hora, día, mes e ano en que comeza a sesión, os nomes e apelidos do/a Presidente/a, dos membros presentes, dos ausentes que se escusasen e dos que faltasen sen escusa, carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se se celebra en primeira ou segunda convocatoria, asistencia do Secretario ou de quen legalmente o substituíse, e presenza dos funcionarios responsable da Intervención e Tesourería, cando concorran, os asuntos que se examinen e sucinta expresión das opinións emitidas, votacións que se verifiquen, parte dispositiva dos acordos que se adopten e hora en que o/a Presidente/a levante a sesión.

Art. 3.14.—As actas serán autorizadas coa sinatura do Secretario e o visto e prace do/a Presidente/a.

Art. 3.15.—Para a confección dos libros e transcripción das actas seguirase o mesmo procedemento que o utilizado en relación co Ilmo. Concello Pleno.

Art. 3.16.—No non previsto expresamente polos estatutos respecto ó funcionamento do Consello Rector rexerán as disposicións que a Normativa de réxime Local do Ilmo. Concello de Cangas dedica á materia de funcionamento do Pleno, así como ás correlativas contidas nas restantes normas vixentes en materia de organización das corporacións locais.

Capítulo II. Presidente

Art. 3.17.—O/a Presidente/a do Consello Rector e da Fundación terá as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións do Consello Rector, dirixir as deliberacións e decidir os empates con voto de calidade.
- b) Instar ó cumprimento dos acordos do Consello Rector.
- c) Formar o Anteproxecto de Orzamento da Fundación, asistido polo Interventor.
- d) Autorizar e dispoñer gastos dentro dos límites das súas competencias, fixados nas Bases de Execución do Orzamento.
- e) Recoñecemento e liquidación das obrigas.
- f) Ordenar os pagos.
- g) Ser o órgano de contratación respecto daqueles contratos que non excedan do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, os 6 millóns de euros, mesmo os de carácter plurianual sempre e cando a súa duración non exceda de catro anos e o importe acumulado de tódalas anualidades non exceda nin á porcentaxe nin á contía indicadas.
- h) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3 millóns de euros. Así mesmo, a alienación do patrimonio da Fundación susceptible diso que non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
 - a. A de bens inmoebles, sempre que estea prevista no orzamento.
 - b. A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa alienación non se atope prevista no orzamento
- i) Representar a Fundación ante os Tribunais e Xulgados, Administracións, Corporacións, Autoridades, Notarios e particulares; conferir mandamentos e poderes para exercer dita representación e asumila para si nos casos que proceda.
- j) Exercer as accións xudiciais e administrativas e a defensa da Fundación en materias que sexan da súa competencia, mesmo cando a tivese delegada noutro órgano. Así mesmo, exercer ditas facultades, en caso de urxencia, en materias que sexan de competencia do Consello Rector, dando conta ó mesmo na primeira xuntanza que este celebre para a súa ratificación.
- k) Adoptar en caso de urxencia as resolucións ou medidas de carácter urxente ou inaprazable que sexan precisas, dando conta ó Consello Rector na primeira xuntanza que este ce-

lebre para que se resolva definitivamente sobre o particular.

- l) Outorgar os contratos que sexan necesarios en representación da Fundación, e aprobar os proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- m) Concertar operacións de crédito, sempre que estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, así como as operacións de Tesourería, cando o importe acumulado das operacións vivas, en cada momento, non superen o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
- n) Aceptar avais e liquidar taxas e prezos públicos.
- o) Autorizar a ocupación temporal de bens móbiles para a prestación dos servicios da Fundación Deportiva, cando non supere un ano. En todo caso, débese dar información posterior ó Consello Rector.
- p) Autorizar coa súa sinatura as Actas e certificacións.
- q) Aprobar a Oferta de Emprego da Fundación, de acordo co Orzamento e o cadro aprobados, aprobar as bases para a selección de persoal, así como ratificar a adscrición a Fundación dos funcionarios de carreira e persoal laboral ó servicio da Corporación.
- r) Nomear e cesar ó persoal de alta dirección, no seu caso; nomear ó persoal laboral; exercer tódalas facultades referentes ó réxime de incompatibilidades e disciplinario e despedir ó persoal laboral dependente da Fundación, tendo esta última atribución carácter indelegable.
- s) propoñer a estrutura organizativa dos servicios e unidades da Fundación a aprobar a correspondente provisión de postos, todo isto de conformidade coa normativa vixente e dentro dos límites orzamentarios, no seu caso.
- t) Cantas facultades de goberno e administración dos intereses peculiares do ente non estean atribuídas dun modo expreso a outro órgano do mesmo, así como calquera outra que lle poida ser delegadas polo Consello Rector.

Art. 3.18.—O Presidente Delegado asumirá as atribucións enumeradas no artigo anterior que lle delegue expresamente o Presidente. Así mesmo, substituirá a este nos casos de enfermidade, ausencia, vacante ou outra circunstancia análoga.

Art. 3.19.—A delegación de atribucións ó Presidente Delegado porase en coñecemento do Consello Rector.

Art. 3.20.—Se a Presidencia Delegada recaese no Vicepresidente, este cargo corresponderalle ó membro do Consello Rector que nomee a Alcaldía-Presidencia a proposta do Presidente Delegado.

Art. 3.21.—Cando o Alcalde presidente asista persoalmente ás sesións do Consello Rector, asumirá a Presidencia da mesma, quedando substituído en dito acto a Presidencia Delegada.

Capítulo III. Vicepresidencia

Art. 3.22.—A Vicepresidencia da Fundación corresponderalle ó Concelleiro Delegado da Área ou Delegación Municipal que, en cada momento, teña encomendadas as competencias en materia de Deportes, salvo no suposto previsto no artigo 3.24.

Art. 3.23.—O Vicepresidente asumirá as atribucións que sexan susceptibles diso das enumeradas no artigo 3.17 dos presentes Estatutos que lle delegue expresamente o Presidente, a quen substituirá non casos de enfermidade, ausencia, vacante ou imposibilidade de exercicio das súas atribucións.

Art. 3.24.—A delegación de atribucións ó Vicepresidente porase en coñecemento do Consello Rector.

TÍTULO CUARTO: ÓRGANOS DE ADMINISTRACIÓN

Capítulo I. Secretario Técnico Deportivo

Art. 4.1.—O Secretario Técnico Deportivo, o cal será asistido con persoal necesario, terá as funcións seguintes:

- a) Elaborar e propoñer ó Consello Rector a aprobación do programa de actuación anual.
- b) Asistir, xunto co Interventor e o Tesoureiro, ó Presidente na elaboración do anteproxecto do orzamento da Fundación.
- c) Informar, asistido do Tesoureiro, ó Consello Rector nas correspondentes sesións ordinarias do mesmo, do estado de Caixa e movemento de Fondos.
- d) Asistir a tódalas reunións do Consello Rector (con voz e sen voto).
- e) Supervisar a custodia dos arquivos e documentación da Fundación.
- f) Organizar e dirixir ó persoal da Fundación.
- g) Elaborar a proposta de Cadro e o Catálogo ou Relación de Postos de Traxo da Fundación Deportiva.
- h) Propoñer ó Presidente a estrutura organizativa dos servicios e unidades da Fundación, así como o nomeamento do persoal que haxa de prestar servicios no mesmo.
- i) Propoñer ó Presidente a aplicación do réxime disciplinario do persoal laboral, excepto as

sancións por faltas leves, que serán da súa competencia, e exercer a dirección e control de todo o persoal ó servizo da Fundación Deportiva, salvo o disposto na normativa vixente para o exercicio das funcións necesarias reservadas a funcionarios en posesión da habilitación de carácter nacional ou os seus delegados.

- j) Executar e facer cumprir os acordos do Consello Rector, seguindo as instrucións do/a Presidente/a.
- k) Presentar propostas de resolución ós órganos decisorios da Fundación Deportiva.
- l) Dispoñer a ordenación do gasto por compra de bens correntes e de servizos, ata a contía que se autorice nas bases de execución do Orzamento.
- m) Executar as ordes de pagamento acordadas por outros órganos da Fundación Deportiva.
- n) Representar á Fundación Deportiva, por acordo do Consello ou por Delegación do Presidente, cando non actúe no ámbito das súas competencias.
- o) Incoar os expedientes necesarios para a actuación dos órganos da Fundación Deportiva.
- p) Propoñer ós órganos competentes as sancións que procedan.
- q) Exercer cantas facultades se lle deleguen expresamente polo Consello Rector ou o Presidente.
- r) Comunicar ó persoal encargado das instalacións municipais as horas de funcionamento das mesmas.

Capítulo II. Secretario, Interventor e Tesoureiro

Art. 4.2.—O Secretario Xeral, o Interventor e o Tesoureiro municipais, exercerán nesta Fundación as mesmas funcións que a lexislación lles sinala respecto ó Concello.

Art. 4.3.—Non obstante, tales funcións poderán encomendarse polo Presidente a outros funcionarios igualmente con habilitación de carácter nacional, e a falta destes ou na súa ausencia, a funcionarios propios da Corporación, a proposta dos titulares daquelas, actuando como delegados dos mesmos.

Art. 4.4.—O sistema de contabilidade haberá de ser o que rexe para as Entidades Locais, sen prexuízo de que polo Consello Rector poidan establecerse outras fórmulas complementarias para o estudo de rendementos e produtividade.

Art. 4.5.—As contas anuais axustaranse ás normas establecidas polas Entidades Locais e deberán ser aprobadas provisionalmente polo Consello Rector, quen as remitirá ó Ilmo. Concello de Cangas para, previos os trámites establecidos na lexisla-

ción reguladora das Facendas Locais, ser sometidas ó Pleno da Corporación dentro dos prazos legalmente previstos.

TÍTULO QUINTO. ÓRGANO DE CONSULTA

Capítulo I. Asemblea Xeral

Art. 5.1.—A Asemblea Xeral é un órgano de consulta para a Fundación e que conta coas seguintes funcións:

- a) Propoñer iniciativas que considere interesantes para o desenvolvemento deportivo no Concello de Cangas
- b) Estudiar o asociacionismo deportivo de Cangas, promovendo iniciativas para consolidalo.
- c) Establecer unha coordinación adecuada entre as distintas administracións públicas, entidades, federacións, asociacións e clubs, orientada ó impulso e apoio ó deporte.
- d) Crear distintas comisións específicas para analizar temáticas relacionadas con aspectos deportivos.
- e) Asesorar ó Consello Rector da Fundación e a outras entidades sobre cuestións demandadas que afecten as súas funcións e competencias.
- f) Informar do programa de actividades anual.
- g) Ser informado sobre o anteproxecto do orzamento da Fundación
- h) Recibir información periódica respecto ó cumprimento das actividades e orzamentos.

Art. 5.2.—A Asemblea Xeral estará formada polos seguintes membros:

- a) Alcalde/sa-Presidente/a do Ilmo. Concello ou o Concelleiro/a en quen delegue.
- b) Un concelleiro de cada un dos partidos políticos representados na corporación do Concello.
- c) Secretario Técnico Deportivo da Fundación Deportiva.
- d) Presidentes ou representantes dos clubs rexistrados no Concello de Cangas
- e) Un representante das Asociacións de Pais de Alumnos (APAS) do Concello de Cangas, elixido por e entre os mesmos, no ámbito dos centros públicos e privados.
- f) Un representante nomeado polo Deporte Escolar
- g) Un Representante da Universidade de Vigo, especialista en materia deportiva.
- h) Un arquitecto especialista en construción deportiva, arquitecto técnico ou similar, nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Consello Rector

- i) Un médico deportivo, nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Consello Rector.
- j) Un licenciado en educación física (ou titulación similar) técnico especialista en xestión deportiva, nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Consello Rector.
- k) Un representante da Dirección Xeral para o deporte da Xunta de Galicia.
- l) Un representante da Diputación Provincial de Pontevedra.
- m) Un representante de cada unha das empresas privadas patrocinadoras da Fundación.
- n) Un representante das federacións deportivas con presenza no Concello.
- o) Un Director por cada un dos centros de ensinanza do Concello de Cangas no ámbito dos centros públicos e privados.
- p) Un representante dos traballadores da Fundación Deportiva Municipal

Art. 5.3.—As sesións da Asamblea Xeral celebraranse como mínimo dúas sesións e como máximo dez o ano que serán convocadas polo Presidente da Fundación con unha antelación de 5 días. A periodicidade e número de sesións da Asamblea será determinada por acordo da Asamblea nunha sesión extraordinaria que se celebrará, previa convocatoria do Presidente, dentro dos 3 meses desde que se celebre a sesión constitutiva de cada Corporación. Tamén se poderá celebrar sesión da Asamblea, cando o estime o Presidente, previa convocatoria cunha antelación mínima de 5 días.

TÍTULO SEXTO. RÉXIME ECONÓMICO

Capítulo I. Patrimonio da Fundación

Art. 6.1.—O Patrimonio da Fundación estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lle pertencen.

Art. 6.2.—Este Patrimonio poderá ser incrementado con terreos ou edificios que poidan ser adquiridos con estes fins polo Ilmo. Concello de Cangas ou pola Fundación, ou aportados por calquera outra persoa ou entidade pública ou privada, sendo cualificados a efectos de inventario de conformidade co previsto na lexislación vixente en materia de bens das entidades locais.

Art. 6.3.—O Ilmo. Concello de Cangas poderá aportar á Fundación a propiedade ou outros dereitos reais sobre bens, sempre que teñan a condición de patrimoniais, previa valoración.

Art. 6.4.—O Ilmo. Concello de Cangas poderá adscribir á Fundación bens e instalacións afectos a un uso ou servizo deportivo, sen que dita adscripción comporte transmisión da titularidade demanial, atribuíndo a Fundación só as necesarias facul-

tades de xestión e as correlativas obrigas de conservación e mantemento.

Art. 6.5.—A Fundación poderá usar e gozar dos bens que formen o Patrimonio vinculado ós seus fins. En todo caso o uso e goce destes bens axustarase ó disposto na lexislación correspondente.

Capítulo II. Facenda da Fundación.

Art. 6.6.—A Facenda da Fundación estará constituída:

- a. Polos bens e valores que constitúen o seu Patrimonio.
- b. Polas rendas, produtos e intereses dos bens mobles, inmobles, dereitos reais, créditos e demais dereitos integrantes do Patrimonio da Fundación.
- c. Polas subvencións procedentes dos organismos públicos ou particulares.
- d. Polas achegas que destine, no seu caso, a este fin o Ilmo. Concello de Cangas con cargo ós seus orzamentos.
- e. Polos remanentes positivos que se orixinen, no seu caso, e previo cumprimento dos trámites legalmente previstos.
- f. Polos ingresos propios derivados das súas actividades e das instalacións xestionadas pola Fundación.
- g. Polas doazóns e legados de persoas físicas ou xurídicas.
- h. Polo importe dos anticipos ou empréstitos que se obteñan.
- i. Por calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

Art. 6.7.—A Facenda da Fundación responderá das obrigas e débedas contraídas pola mesma. A liquidación ou compensación de perdas poderá efectuarse, no seu caso, con cargo ás subvencións municipais concedidas ó efecto.

Art. 6.8.—As tarifas que haberán de satisfacer os usuarios dos servizos propios da Fundación, que poderán ser exaccionadas pola vía de constrinximento, serán aprobadas e modificadas, no seu caso, polo Ilmo. Concello Pleno.

Art. 6.9.—Os remanentes positivos que se produzan na Fundación, unha vez cubertos os gastos, destinaranse, no seu caso e previo cumprimento dos trámites legalmente previstos, a mellorar e ampliar as instalacións e patrimonio da Fundación, así como ó cumprimento dos fins previstos nos presentes Estatutos.

Art. 6.10.—A Fundación formará inventario separado dos bens e dereitos que lle pertencen, con suxeición ó establecido na lexislación en materia de bens das Entidades locais.

Art. 6.11.—O Consello Rector será o órgano competente para a aprobación do inventario, así

como para a súa rectificación, que se levará a efecto dentro dos cinco primeiros meses de cada ano, con referencia ó 31 de decembro do ano anterior.

Art. 6.12.—No caso de disolución da Fundación, reverterán ó Ilmo. Concello de Cangas o patrimonio con tódolos seus incrementos e as achegas que figuren no activo.

Art. 6.13.—Os ingresos de dereito público correspondentes ás actividades e servicios prestados pola Fundación serán obxecto de aprobación polo Ilmo. Concello Pleno, a proposta do Consello Rector e previo dictame da Comisión Informativa que teña atribuídas as competencias en materia económica.

Art. 6.14.—Os rendementos que se obteñan coa aplicación dos citados ingresos integranse, na súa totalidade, nos orzamentos da Fundación.

Capítulo III. Orzamentos da Fundación

Art. 6.15.—A Fundación gozará de orzamento propio, que se integrará, de conformidade co previsto na lexislación reguladora das Facendas Locais, no Xeral do Concello.

Art. 6.16.—O orzamento da Fundación, coas súas Bases de Execución, será proposto polo Consello Rector e remitido ó Ilmo. Concello antes do 15 de setembro de cada ano, habendo de seguirse para a súa aprobación inicial e definitiva así como para a súa entrada en vigor os mesmos trámites esixidos para o Orzamento da Corporación.

Art. 5.17.—Os créditos, as súas modificacións, así como a execución e liquidación dos consignados no orzamento de Gastos suxeitaranse ó establecido ó efecto na lexislación reguladora das Facendas Locais.

Art. 6.18.—A Tesourería da Fundación rexerese polo establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

Art. 6.19.—A Fundación está suxeito ó réxime de contabilidade pública, nos termos establecidos na lexislación reguladora das Facendas Locais.

Art. 6.20.—Os estados e contas da Fundación serán rendidos e propostos inicialmente polo Presidente/a do mesmo ó Ilmo. Concello dentro do prazo establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais para, previos os trámites previstos na mesma, ser sometidos ó Pleno da Corporación.

Art. 6.21.—Exerceranse na Fundación, coa extensión e efectos establecidos na lexislación reguladora das Facendas Locais, funcións de control interno respecto da súa xestión económica, na súa triple acepción de función interventora, de control financeiro e de control de eficacia, que serán levadas a efecto pola Intervención Xeral de Fondos da Corporación.

Art. 6.22.—No estado de gastos incluíranse, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas inherentes ó sostemento e desenvolvemento da Fundación.

Art. 6.23.—No estado de ingresos figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos que se liquidarán durante o exercicio, incluíndo entre outros os seguintes:

6.23.1.—Ingresos de dereito público polas actividades e servicios emprestados pola Fundación.

6.23.2.—Ingresos procedentes do seu patrimonio propio e demais de dereito privado.

6.23.3.—Cantidades que se consignasen, no seu caso, no Orzamento do Ilmo. Concello de Cangas e destinadas a Fundación.

6.23.4.—Subvencións.

6.23.5.—O produto das operacións de patrimonio, etc.

TÍTULO SÉTIMO. RÉXIME XURÍDICO

Art. 7.1.—As resolucións e acordos dictados polos órganos de goberno da Fundación no ámbito das súas respectivas competencias, poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición.

Art. 672.—Contra os actos e acordos definitivos do organismo, entendéndose por tales os resolutorios de recursos de reposición, tanto expresos como presuntos, así como os dictados polos órganos de goberno no ámbito das súas respectivas competencias, fronte ós que non se houbera interposto o expresado recurso, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lexislación vixente.

Art. 7.3.—As reclamacións previas ó exercicio de accións civís e laborais dirixíranse ó Presidente da Fundación, a quen corresponderá a súa resolución, salvo naqueles supostos nos que, dado o obxecto da reclamación, a decisión supuxese o exercicio dalgunha das atribucións propias do Consello Rector ou dalgún órgano municipal. En todo caso, será necesario tramitar expediente previo ó que se incorporarán os antecedentes, informes, documentos e datos que resulten necesarios.

Art. 7.4.—O Presidente da Fundación dará conta ó Consello Rector das resolucións que dicte en materia de reclamacións previas ó exercicio de accións civís, na primeira sesión que este celebre desde que se dictasen.

Art. 7.5.—A Fundación establecerá un rexistro de documentos propio, en soporte informático, que terá conexión co Rexistro Xeral da Corporación e que garantirá a constancia dos datos que, en cada momento, esixa a lexislación en materia de procedemento administrativo.

TÍTULO OITAVO. PERSOAL Ó SERVICIO DA FUNDACIÓN.

Art. 8.1.—O persoal ó servicio da Fundación será o necesario para o adecuado cumprimento dos seus fins, determinándose o seu número, categoría, funcións e retribucións no cadro, catálogo ou relación de postos de traballo e orzamento formados polo Consello Rector e aprobados polo Ilmo. Concello Pleno, e estará integrado por:

- a. Persoal laboral ó servicio do mesmo, baixo calquera das modalidades legalmente previstas.
- b. Persoal laboral ó servicio do Ilmo. Concello, os seus Organismos Autónomos e Empresas que, voluntariamente, sexan adscritos ó Organismo, na modalidade que proceda.
- c. Funcionarios ó servicio do Ilmo. Concello, que pasen voluntariamente a prestar os seus servicios no Organismo Autónomo, baixo a modalidade que corresponda.

Art. 8.2.—A Corporación, previa conformidade dos interesados, poderá adscribir persoal municipal funcionario de carreira ou laboral, ó obxecto de colaborar co bo funcionamento dos servicios da Fundación. Dito persoal non se integrará nos Cadros da Fundación, sen prexuízo de que os servicios que presten se remuneren con cargo ó Orzamento da mesma, salvo que se estableza outra fórmula entre o Concello e a Fundación.

Art. 8.3.—Este persoal terá en todo momento e a tódolos efectos, a consideración de persoal en situación de servicio activo no Ilmo. Concello.

Art. 8.4.—A Fundación nomeará directamente ó persoal propio, que sen ser funcionarios nin persoal laboral fixo da Corporación, precise para os seus propios servicios, cubrindo os seus postos de traballo segundo ó cadro aprobado e mediante procedementos que, en cada caso, se acorde polo órgano competente, con estricto sometemento ó disposto no artigo 103 en relación co 91, ambos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. Este persoal quedará sometido á lexislación laboral e, en ningún suposto, adquirirá a condición de funcionarios municipais, sen prexuízo de podérselles recoñecer o tempo como de servicios á Administración Local ós efectos pertinentes.

TÍTULO NOVENO. TUTELA CORPORATIVA

Art. 9.1.—O Ilmo. Concello Pleno poderá modificar ou derrogar os presentes Estatutos, así como acordar a disolución da Fundación, e neste caso que será de aplicación o previsto no artigo 6.12.

Art. 9.2.—A Alcaldía-Presidencia poderá suspender os acordos e resolucións dos órganos da Fundación Deportiva que recaian sobre asuntos que non sexan da súa competencia, sexan contra-

rios ós intereses xerais do municipio ou do propio organismo autónomo ou constitúan infracción manifesta das leis, dentro do prazo de dez días a contar desde que lle sexan notificados ou, no seu defecto, desde que tome coñecemento dos mesmos de calquera outra forma.

Art. 9.3.—As dúbidas de interpretación que ofrezca a aplicación dos presentes Estatutos serán resoltas polo Ilmo. Concello Pleno, previo dictame da Comisión Informativa que teña atribuídas as competencias en materia de Organización ou Réxime Interior, habendo de constar no expediente que a tal fin se tramite informes da Secretaría Xeral e/ou da Intervención Xeral de Fondos, segundo a materia.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos entrarán en vigor unha vez aprobados polo Ilmo. Concello Pleno e publicados no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo que establece que establece o 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogados os Estatutos do Instituto Municipal de Deportes de Cangas, aprobados por Acordo do Ilmo. Concello Pleno de data 28 de marzo de 1996.

Cangas, a 2 de febreiro de 2003.—O Alcalde,
José Enrique Sotelo Villar. 951

* * *

VILA DE CRUCES

E D I C T O

Na sesión ordinaria celebrada pola Comisión de Goberno, con data 23 de xaneiro de 2004, aprobouse inicialmente o proxecto técnico da obra de: “Instalación eléctrica aulas de música (Auditorio)”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Manuel Orza García.

O referido proxecto técnico queda exposto ó público na Secretaría deste Concello, durante o prazo de quince días hábiles —que empezarán a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no “Boletín Oficial” da provincia—, a efectos de exame e reclamacións, entendéndose aprobado definitivamente, no caso de non producírense as mesmas.

Vila de Cruces, a 2 de febreiro de 2004.—O Alcalde, Jesús Otero Varela. 991

* * *